



Concello de Cangas

**Expediente núm.:** 260/2025

**Procedemento:** Selección de Persoal ao abeiro do programa de contratación temporal para o fomento do emprego en mulleres ao abeiro da subvención outorgada pola Xunta de Galicia, núm. expediente: SI461A 2025-19

**Asunto:** Publicación bases da convocatoria

**PUBLICACIÓN:** Por decreto da Alcaldía 2025-1664 de data 12/09/2025 foron aprobadas a convocatoria e as bases do proceso selectivo dirixido a contratación de 4 traballadoras en réxime laboral temporal a tempo completo como conserxes para o programa de contratación temporal para o fomento do emprego en mulleres do Concello de Cangas ao abeiro da subvención outorgada pola Xunta de Galicia por resolución de data 06/03/2025 núm. expediente: SI461A 2025-19. De acordo co disposto nas bases procédese a súa publicación :

**«BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO (4) TRABALLADORAS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO CONCELLO DE CANGAS POR RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA DE DATA 06/03/2025, EXPTE. SI461A 2025-19**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de catro (4) traballadoras en réxime laboral temporal a tempo completo como Conserxes para o Programa de contratación temporal para o fomento do emprego de mulleres que desenvolve o Concello de Cangas ao abeiro da subvención outorgada pola Xunta de Galicia por resolución de data 06/03/2025, expte. SI461A 2025-19

As contratacións realizaranse utilizando a modalidade de contrato segundo a lexislación laboral vixente, en particular a modalidade de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, a tempo completo, co salario que resulta de aplicar a valoración incorporada ao expediente en base ao que se outorgou a subvención na que se basea a presente resolución (salario bruto mensual incluída a parte proporcional de pagas extras de 1.872,66 euros en cálculo a xornada completa).

A duración dos contratos será acorde a establecida na resolución de concesión da subvención, sendo por tanto de 12 meses. Esta duración non será aplicable aos contratos que no seu caso se puidesen realizar con motivo da baixa ou renuncia da persoa contratada inicialmente na praza, rematando neste caso na mesma data de finalización prevista para o contrato inicial, e dicir, se realizarán polo tempo que reste de contrato.

Coas aspirantes que tendo superado o presente proceso selectivo e que pola nota final non acadasen praza, confeccionarase unha listaxe de agarda para cubrir as baixas ou renuncias que no seu caso se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, realizándose os chamamentos segundo a orde na que queden situadas as aspirantes de acordo coa súa puntuación total acadada.

O sistema de selección será o de oposición

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Cangas, na súa sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>), así como na súa páxina web ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) co fin de posibilitar, ata o día hábil anterior á realización do exercicio, a posible presentación de reclamacións ou suxestións as bases

O taboleiro de anuncios, a sede electrónica e a páxina web do Concello de Cangas serán igualmente os medios para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que se deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases





## SEGUNDA.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que as aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadá española ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas inherentes ao posto.
- Non se require titulación académica específica (DA 7ª EBEP)
- Non ter sido apartada mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- Ter a condición de muller desempregada ou en situación de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia e pertencer ao colectivo especificado no artigo 6 da Orde da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención nas que se basea o presente proceso selectivo.
- Non haber estado contratada xa con cargo ás axudas concedidas para este mes fin pola Secretaría Xeral de Igualdade ao abeiro da Resolución do 27 de decembro de 2023, segundo estipula como requisito o artigo 5.4 da citada Orde do 23 de decembro de 2024.
- Presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos indicados no artigo 6 da Orde do 23 de decembro de 2024, cunha data de emisión ou de sinatura que estea dentro do prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou á data de contratación.
- Ser remitida polo Servizo Público de Emprego, no sentido de figurar na listaxe enviada ao Concello pola Oficina de Emprego de Cangas en resposta a respectiva oferta pública de emprego presentada por este na categoría profesional de Conserxe e cos requisitos específicos requiridos, sen prexuízo en todo caso de que, de non cubrirse con este procedemento a totalidade das prazas convocadas, nin coas persoas titulares nin coas que no seu caso constitúan a listaxe de reserva, o Concello puidese optar polo outro procedemento previsto no artigo 8 da citada Orde do 23 de decembro de 2024 e no punto 3.1 da Instrución núm. 3/2005 emitida pola Dirección Xeral competente da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

## TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN DESTAS

O Concello de Cangas en base á subvención outorgada solicitará as candidatas acordes ao perfil a seleccionar segundo o establecido no artigo 8 da citada Orde do 23 de decembro de 2024, mediante a presentación da respectiva oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas, quen realizará a sondaxe de mulleres inscritas ás que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a ela, convocándoas así mesmo a unha reunión no Concello de Cangas na que se lles facilitará información sobre a convocatoria e o modelo de instancia que deberán presentar para solicitar a súa participación no proceso selectivo. As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia indicado, que en todo caso deberá ser presentado no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello, acompañado da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos





## Concello de Cangas

da convocatoria, con data límite o martes día 16/09/2025. As aspirantes que formalicen a súa solicitude de participación e cumpran cos requisitos da convocatoria constituirán a listaxe de persoas admitidas para participar no proceso selectivo.

As aspirantes preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Cangas que non entreguen a súa instancia de participación, debidamente asinada e cuberta en todos os seus apartados e no prazo máximo fixado, entenderase que non participan no proceso selectivo.

Este modelo de instancia inclúe unha declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que se deba acreditar documentalmente ese cumprimento.

Non obstante, a documentación acreditativa da condición de persoa destinataria final nos termos do artigo 6 da citada Orde do 23 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención, deberá achegarse antes da emisión da proposta de contratación polo tribunal responsable da selección. Segundo se indicou na base segunda, esta documentación debe, nos termos do artigo 6 citado, estar emitida ou asinada no prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou á data de contratación. Igualmente deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

En todo caso, segundo estipula o artigo 8.4 da citada Orde do 23 de decembro de 2024, unha vez realizado o proceso selectivo a contratación das aspirantes seleccionadas por parte do Concello queda condicionada á confirmación previa por parte da Xunta de Galicia de que as persoas propostas para contratar cumpren cos requisitos da convocatoria.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á Oficina de Emprego no caso de que non se acade un mínimo de tres candidatas interesadas por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos nas presentes bases e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

### **CUARTA .- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Coas instancias cumprimentadas e entregadas polas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego aprobarase pola Presidencia da Corporación a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello e na sede electrónica do Concello. As aspirantes excluídas disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da mencionada listaxe provisional, para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público na listaxe definitiva, que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello ao día seguinte (hábil) do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluída na relación de admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as aspirantes admitidas superen a proba selectiva.

### **QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Establécese unha comisión de selección ou tribunal cualificador para a selección das persoas aspirantes segundo o previsto nas presentes Bases e na normativa que resulte de aplicación. Este tribunal xulgará as probas, supervisando e garantindo o correcto desenvolvemento do proceso en





## Concello de Cangas

tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros titulares (ou no seu caso dos seus suplentes), debendo estar presentes ao menos as persoas designadas como presidente/a, secretario/a e un vogal.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ás aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público

Así mesmo, as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal publicarase formando parte da resolución pola que se aprobará a listaxe de admitidas e excluídas.

O Tribunal poderá contar coa colaboración das persoas asesoras externas que considere oportunas, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases, a convocatoria da persoa que exerza a presidencia. De producirse algunha baixa na Composición do Tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da Alcaldía.

### **SEXTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Na resolución pola que se aprrobe a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas citarase ás aspirantes para o inicio das probas de selección, indicándose o día, hora e lugar no que se teñen que presentar.

As probas da oposición serán as seguintes:

#### **PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:**

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos, sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para superala e non quedar eliminada do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico (atención dunha chamada telefónica) e a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal, por escrito ou oralmente, relativas a algunhas das temáticas seguintes: toponimia do municipio, localización das instalacións municipais, prevención de riscos laborais no posto de Conserxe, uso de medios técnicos e coñecementos básicos propios do posto (conserxe) tales como supervisión básica da instalación, pequenas reparacións non especializadas etc.

#### **PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega das aspirantes. Estarán exentas da realización deste exercicio as candidatas que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, que están en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 1 (CELGA 1) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega oral ou superior, ou a súa validación, recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.





## Concello de Cangas

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídas do proceso as que non comparezan. Todas as candidatas que concorran á realización da proba, deberán ir provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

### **SÉTIMA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS**

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dúas ou máis aspirantes, este desfarase mediante sorteo entre as aspirantes empatadas.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso selectivo e elevará a correspondente proposta de contratación ao órgano competente, quen tramitará con carácter previo á formalización dos contratos a preceptiva solicitude do visto e prace da Xunta de Galicia respecto das persoas propostas, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 8 das bases reguladoras establecidas na mencionada Orde do 23 de decembro de 2024.

No momento de formalizar o correspondente contrato, as persoas propostas deberán estar en disposición de ser contratadas e deberán cumprir con todos os requisitos e obrigas establecidos nas presentes bases, así como na normativa que lle resulte de aplicación, en particular os previstos na citada Orde do 23 de decembro de 2024, especialmente os establecidos para as destinatarias finais da subvención no artigo 6 da mencionada Orde.

### **OITAVA.- LISTA DE AGARDA**

O tribunal incluírá na súa proposta unha lista de agarda, que estará constituída por todas as aspirantes que superasen o proceso selectivo e non obtiveran unha das prazas convocadas, ordenadas pola puntuación total acadada no proceso selectivo. Esta listaxe servirá para cubrir as baixas ou renuncias que no seu caso se poidan producir.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación, considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

### **NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES**

As presentes bases vinculan á administración local convocadora, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas as dúbidas e incidencias que no seu caso poidan xurdir, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

### **DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos de carácter persoais coa finalidade de





## Concello de Cangas

levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, ás persoas representantes do persoal municipal, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

### UNDÉCIMA.– NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas .»

O que se publica aos efectos oportunos

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

